




**Festas  
María  
Pita 2012**



**A CIDADE  
QUE DORME  
DE PÉ.**

**CORUÑA  
CULTURA**



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

FIESTAS DE MARÍA PITA CON  
Estrella Galicia 

# EXAGERA DAMENTE BUENAS

CUANDO UNAS FIESTAS SON ASÍ,  
NO SE LAS PUEDE PERDER NADIE.



# Festas María Pita 2012

“Vivir na Coruña, qué bonito é  
Andar de parranda e dormir de pé...”

Así empeza unha canción que hai moitos anos se canta na nosa cidade, unha cidade alegre e optimista por natureza á que lle gusta a festa. Este ano enfrontámonos a momentos difíciles, un ano no que as persoas e as empresas están sufrindo problemas moi serios, pero somos fortes e loitadores, somos unha cidade que medra coas dificultades, e non teño a menor dúbida de que axiña estaremos recuperados, ese é o meu obxectivo e o meu empeño cada día.

As festas de María Pita 2012 son unhas festas para o optimismo, ese optimismo tan necesario para volver a medrar, porque non se medra con tristura, e aínda en circunstancias adversas, hai mil motivos para agradecer, rir, gozar, bailar, e, sobre todo, avanzar con ilusión. Esa ilusión que levaremos a todos os barrios da nosa cidade faranduleando con maxia, música, teatro, circo, etc, para que nenos e maiores sexan os protagonistas en cada un dos recunchos da nosa cidade.

Convócovos a coruñeses e visitantes, a que cada día dende o 20 de xullo saiaes á rúa, entRedees neses comercios de toda a vida que xa forman parte da nosa historia e fagades neles as vosas compras, a que vaiades de tapas nos locais de hostalería polos que ides pasando; en resumo, a que vivades esta fermosa cidade que sen dúbida os coruñeses e visitantes, sentiRedees vosa.

Esforzámonos por deseñar unhas festas inesquecibles, unhas festas de referencia ás que todos desexemos volver, unhas festas dinamizadoras que nos permitan promover en Galicia e en España a cidade na que ninguén é forasteiro, unhas festas para troulear e farandulear cada ano como cita obrigada. Comeza a festa e agora toca divertirnos.

Excmo. Sr. D. Carlos Negreira Souto  
Alcalde da Coruña





# Fiestas María Pita 2012



Ciudad Comprometida // Ciudad  
Concienciada // Ciudad Constante //  
Ciudad Colaboradora // Ciudad  
Consensuada // Ciudad Complice //  
Ciudad Compresiva // Ciudad Cordial  
// Ciudad Comunicativa // Ciudad  
Constante // Ciudad Compañera //  
Ciudad Correcta // Ciudad Cortés //  
Ciudad Consejera // Ciudad  
Completa // Ciudad Consecuente //  
Ciudad Competente // Ciudad  
Competitiva // Ciudad Considerada...

**Coruña será la ciudad  
que tú quieras que sea //**



[www.coruna.es](http://www.coruna.es)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



# MARIO CASAS

---

## PREGÓN


Mércores, 1 de agosto

## HORARIO

22:00h.

## ONDE

Praza de María Pita



Mario Casas naceu o 12 de xuño de 1986 na Coruña. Con 6 anos a súa familia marcha a Barcelona onde comezará a dar os seus primeiros pasos no mundo artístico.

É na publicidade onde empeza a deixarse querer polas cámaras e dende ben pequeno é imaxe de marcas tan coñecidas como Boomerang, Scalextric ou Telepizza.

Con 17 anos trasládase a Madrid movido pola súa paixón á interpretación e comeza os seus estudos na Escola de Interpretación de Cristina Rota. No 2005 inicia a súa andadura na televisión coa telenovela Obsesión emitida en TVE.

Timidamente vai abrindo paso participando puntualmente en Motivos Personales e é Antonio Banderas quen lle brinda a oportunidade de interpretar un pequeno personaxe na súa película El Camino de los Ingleses, o que o levou a vivir a experiencia da rodaxe da súa primeira película. Javi Llorens en SMS, Sin Miedo a Soñar foi o seu primeiro papel importante nunha serie nacional, pero non foi ata a súa aparición en Los hombres de Paco interpretando a Aitor Carrasco Onde dá un salto cualitativo na súa carreira e se achega ao gran público.

Mentres se vai facendo cada vez máis popular compaxina o seu traballo na serie con proxectos cinematográficos. Mentiras y Gordas e Fuga de Cerebros que foron grandes éxitos de venda; Carne de Neón ou a inédita La Mula, porén será a súa participación en Tres Metros Sobre el Cielo interpretando a 'Hache' o que o catapulta como un dos novos valores do momento.

Papeis máis maduros como os desempeñados en Grupo 7 ou Tengo Ganas de Ti, consolidan a carreira deste actor. Actualmente é un dos protagonistas de El Barco, unha das series con máis éxito de Antena 3.

Ademais de longametraxes e series, Mario tamén participou en varias curtametraxes facendo alarde da súa versatilidade como actor en Paco, Miedo, a wikipeli 2 ou, o último, Dinero Fácil que lle reportou varios premios como recoñecemento á súa gran actuación.

O seu gran talento, esforzo e paixón polo seu traballo fan que Mario Casas sexa un dos actores novos cunha carreira consolidada e gran futuro por diante.

---

2006 - 2012

FRANZ FERDINAND  
 PET SHOP BOYS  
 ARCTIC MONKEYS  
 KEANE  
 CALEXICO  
 JOAN BAEZ  
 ALICE COOPER  
 INTERPOL  
 PUBLIC ENEMY  
 MUSE  
 JONSI  
 NORAH JONES  
 TEENAGE FANCLUB  
 YO LA TENGO  
 MARK LANEGAN  
 BAD RELIGION  
 JOANNA NEWSOM  
 PETER DOHERTY  
 JUANES  
 BJORK  
 TOM JONES



**Sweet Nocturna**  
[www.sweetnocturna.com](http://www.sweetnocturna.com)

PROXIMAMENTE





# Festas María Pita 2012

	pag.
 A CIDADE QUE SOA.	 07
 A CIDADE QUE FORMA.	 33
 A CIDADE MÁXICA.	 43
 A CIDADE QUE BOLE.	 49
 A CIDADE QUE FARANDULEA.	 75
 A CIDADE QUE MOSTRA.	 89
 A CIDADE QUE SABOREA.	 105
 A CIDADE CON MEMORIA.	 115
 A CIDADE QUE RODA.	 121
 A CIDADE ATENTA.	 125









**Festas  
María  
Pita 2012**

**01**

**Pop / Rock / Electrónica  
Concertos e moito máis...**

**/BAILA/  
/ESCOITA/  
/VIBRA/**



**A CIDADE  
QUE SOA.**





# CONCERTOS MARÍA PITA



**OREJA DE VAN GOGH**


**CANDO**

Mércores, 1 de agosto  
22:30h.

**ONDE**

Praza de María Pita

6º disco de estudio. Titúlase “Cometas Por El Cielo” e publícase o próximo 13 de setembro. Comparte título cunha das cancións deste disco pola suxerinte imaxe de liberdade que transmite un papaventos voando que ao tempo é dependente de quen a faie voar...







---

## ANA BELÉN

### A LOS HOMBRES QUE AMÉ

# “BESASA”

CANDO

Sábado, 4 de agosto  
22:00h.

ONDE

Praza de María Pita

“Agradecimientos públicos a la generosidad de 14 hombres con los que en algún momento de mi vida compartí canciones, risas, incertidumbres, esperanzas, alegrías y la sabiduría de quien cree en su trabajo por encima de todo”. As palabras de Ana Belén impresas no libreto do álbum reflicten as arelas que impulsan o seu novo traballo A los hombres que amé, que se publica o 15 de novembro de 2011 para romper catro anos de silencio discográfico e no que a artista canta, interpreta e recrea cancións de 14 dos seus compositores favoritos.

Cantar, interpretar e recrear. É o que fai Ana Belén con 14 cancións emblemáticas, ofrecendo unha visión nova, unha emoción diferente lanzada a través dunha voz única na escena española e do estupendo traballo na produción e os arranxos de David San José que sitúan temas que entraron por dereito no capítulo dos clásicos nun mundo propio, persoal e recoñecible. No universo de Ana Belén

---



---

## M CLAN

**CANDO**  
Martes, 7 de agosto  
22:00h.

**ONDE**  
Praza de María Pita

M Clan conseguiu reencontrarse co público dos seus dous primeiros discos, manter e reenganchar aos fans dos seus álbums máis vendidos e gañou o respecto e a admiración de novos seguidores e da crítica cunha xira e un disco no que arriscaron abrazando o soul e o rythm and blues e subindo encima dos escenarios unha súper banda.

“**BAILA**”

---

## SUSANA SEIVANE E AMIGOS

CANDO

Mércores, 8 de agosto  
22:00h.

ONDE

Praza de María Pita

Na súa carreira musical, Susana ten editados catro discos: 'Susana Seivane' (Boa Música, 1999), 'Alma de buxo' (Boa Música, 2001), 'Mares de tempo' (Boa Música, 2004) e 'Os soños que volven' (Enavías música, 2009). Entre todos eles suma máis de 50 temas que Susana recrea con arranxos que van evolucionando pouco a pouco ata conseguir un son realmente propio e diferenciado.



“TROU



## REVOLVER E CORNELIUS 1960

CANDO

Venres, 17 de agosto  
22:00h.

ONDE

Praza de María Pita



### Revolver.

Despois de dúas décadas e unha discografía indiscutible con 21 Gramos acada a ducia de discos, un son netamente propio e identificable, pola súa independencia absoluta que o mantén ao abeiro de modas pasaxeiras, por atesourar un cancionero dourado e intenso que forma parte da memoria musical do noso país, por ser un enorme guitarrista que non alardea de selo, por cantar como quere facendo coma que non ten importancia, porque nas súas letras sempre fala de verdade e dende o corazón, porque coñeceu o éxito e, porén, nunca se acomodou, algo que saben ben esas lexións de entregados seguidores que o viron madurar en cada obra e que son os que sustentan, pois diso se trata, o mito de Revólver.

### Cornelius 1960.

Detrás do nomee Cornelius 1960 temos a cinco galegos (máis un de adopción) que un día decidiron que querían formar un grupo de música e tocar cancións a ritmo de rock, funky e pop e se dedicaron a tocar en todos os lugares de Galicia que podían.

A sorte chegoulles cando contactou con eles a través do seu Myspace un tal Mick Glossop que acabou axudándolles a producir o seu primeiro disco coa calidade que merecían. Cal foi a súa sorpresa cando souberon que Mick fora produtor de Van Morrison. Tiñan do seu lado a un dos mellores produtores da escena musical e, por enriba, estaba encantado coa súa música e o seu traballo.  
E así ata hoxe...



Fiestas  
María  
Pita 2012

# NOROESTE POP ROCK

25 AÑOS  
EN LA  
PLAYA

► 09 de Agosto  
One  
Plus  
Lottus  
**MIKA**

► 10 de Agosto  
Wolrus  
Escuchando Elefantes  
**LEIVA**  
**IVÁN FERREIRO**  
**XOEL (y amigos)**



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

CORUÑA  
CULTURA



A CIDADE  
QUE DORME  
DE PÉ.



# NOROESTE POP ROCK

---

## INAUGURACIÓN

Xoves 9 de agosto

## CLAUSURA

Venres, 10 de agosto

## HORARIO

21:00h. a 01:00h.

## ONDE

Praia de Riazor

---





## MIKA

Michael Holbrook Penniman Jr, máis coñecido como MIKA, cantante nacido en Beirut, Líbano un 18 de agosto de 1983. De nai libanesa e pai estadounidense.

En xaneiro de 2008, Mika e Leona Lewis encabezaron os nomeamentos aos premios Brit Awards da música británica, que se entregaron nunha gala o 20 de febreiro. O artista libanés só foi premiado como o mellor artista revelación en directo (British Breakthrough Act) En setembro do 2009, Mika lanzou ao mercado o seu segundo gran álbum, chamado “The Boy Who Knew Too Much” (21 de setembro 2009), que o mesmo que no primeiro álbum, todas as cancións están compostas totalmente por el. E de acordo a si mesmo o disco trata da súa adolescencia, a diferenza do primeiro que trataba primordialmente da súa infancia.

A xira de presentación deste álbum conseguiu un oco na programación do Xacobeo 2010. O seu recital en Vigo foi un dos grandes concertos daquel ano. Nestes momentos, Mika prepara a saída do seu terceiro disco, “The Origin Of Love”. Algunhas das súas cancións, como o adianto Make You Happy, escoitaranse na Coruña.

## ONE

Xoves, 09 de agosto  
21:00h.

## PLUSLOTUS

Xoves, 09 de agosto  
22:15h.

## MIKA

Xoves, 09 de agosto  
23:00h.

## ONDE

Praia de Riazor



## XOEL LÓPEZ

Nado na Coruña en 1977, Xoel López é un dos artistas máis representativos e influentes da nova canción española. Aínda que sempre se moveu entre os sons do pop-rock alternativo e o folk clásico, el defínese como un artista libre. E así o demostra. Xoel deixou atrás unha carreira de éxito e consolidada no seu país baixo o pseudónimo de “Deluxe” para, en xaneiro de 2009, cruzar o atlántico e empezar unha nova etapa no Continente Americano.

Acompañado da súa guitarra (e dalgúns amigos) busca recuperar a esencia dos primeiros días tocando en diferentes salas, teatros ou festivais acompañado por músicos dos diferentes países que visita: San Francisco e New York (EEUU), Colombia, Uruguay, Chile, Venezuela, República Dominicana, Brasil... Pero é en Bos Aires Onde pasa a maior parte do seu tempo.

---

## WOLRUS

Venres, 10 de agosto  
20:30h.

---

## ESCUCHANDO ELEFANTES”

Venres, 10 de agosto  
21:15h.

---

## XOEL E AMIGOS?, IVÁN FERREIRO E LEIVA

Venres, 10 de agosto  
22:00h.

## ONDE

Praia de Riazor

---



# CONCERTOS BATALLA NAVAL

# “SONRISIE”

---

## NACHA POP

Martes, 14 de agosto  
22:00h.

---

## BATALLA PIROTÉCNICA

Martes, 14 de agosto  
23:00h.

---

## MODESTIA APARTE

Martes, 14 de agosto  
23:30h.

---

## LA UNIÓN

Martes, 14 de agosto  
00:30h.

ONDE

Praia de Riazor

---





# CONCERTOS COLISEUM

## Serrat & Sabina: **Fuego cruzado**

Volven estes dous paxaros a unir as súas voces, entre a lírica e o desgarrro, Serrat e Sabina. Durante unha pasada xira os espectadores puideron abatelos aos dous cun só tiro, pero esta vez serán estes paxaros os que dispararán sobre as escopetas. Cada un co seu esplendor, co seu veneno. Joan Manuel Serrat conserva intacta a rebeldía moral, tenaz, comprometida duns tempos difíciles, pero sempre envolta na aura dunha ledicia de vivir, a favor de praceres sinxelos, a melancolía daqueles tranvías que transportaban cara ás praias os domingos a xente vencida e devolvían á cidade só derrotada polo sol, cos beizos salgados e a pel queimada. E entre tantas palabras de amor de Serrat, os berros afónicos de Sabina, ambos os dous fundidos, e aínda que os dous crucen as súas cancións, un coa guitarra fretará o corazón e outro o fígado.

## SERRAT E SABINA DOS PÁJAROS CONTRAATACAN

CANDO  
Sábado, 18 de agosto  
22:00h.

ONDE  
Coliseum





## Por Andrés Calamaro

“... entre nubes de algodón faremos o noso niño” (José AlfRedeedo Jiménez)

Enrique Bunbury preséntase como (con) Licenciado Cantinas no seu desembarco en California, e esta colección brillante de “versións”, un repertorio exquisito e nada habitual, unha produción atractiva a cargo do propio Enrique con arranxos “gourmet” de “Los Santos Inocentes”, que bordan texturas clásicas -pero orixinais- para unha colección de xoias atopadas do repertorio panamericano que conviven baixo o preciosismo dos arranxos e a interpretación vocal de BUNBURY, no seu mellor momento persoal e artístico, cantando mellor que nunca unha colección profunda de cancións.

¡Que doce espiña para Enrique! Aquí a inspiración creativa é a do intérprete artesán, o “cowboy cósmico” non asina cancións pero asina unha delicia de disco que é “crossover” (bisagra) da nosa música continental, o desembarco anxelino dun artista intelixente, curioso e sensible, resignado a unha permanente viaxe polo mundo, o tempo e as harmonías.

O “Licenciado...” é o alto expoñente dun oficio fértil na intimidade; hai un segRedeedo que só coñecemos os cantores e aqueles que nos entregan xenerosamente o seu corazón a cambio de cancións e canto, e vai permanecer gardado baixo a alfombra do corazón de quen corresponda. Será imposible non gozar con este disco grande. Para min (un rockeiro namorado do cancionero hispano-latinoamericano) é un privilexio poder escoitar “primeiro” (e voando entre Chicago e o DF) este voluntarioso e apaixonante LP do meu querido compañeiro Enrique, licenciado con honores nas cantinas musicais do continente do idioma

## ENRIQUE BUNBURY

### LICENCIADO CANTINAS

### CANDO

Sábado, 25 de agosto  
22:00h.

### ONDE

Coliseum



# CONCERTOS NA CIDADE

---

## JACOBO PAZ

CANDO

Sábado, 11 de agosto  
22:00h.

ONDE

Praza das Bárbaras

---

## LOS LUNNIS

CONCERTO INFANTIL

CANDO

Domingo, 12 de agosto  
19:30h.

ONDE

Praza María Pita

ABRIL



---

**CRISTINA PATO E  
ROSA CEDRÓN**

**CANDO**

Xoves, 16 de agosto  
22:00h.

**ONDE**

Parque De Oza

Redee Cultural Deputación da Coruña





---

## CORIZONAS

Concertos Música Alternativa

## CANDO

Venres, 17 de agosto  
22:00h.

## ONDE

Parque de Santa Margarita





---

## O FUNK'ILLO

Concertos Música Alternativa

CANDO

Sábado, 18 de agosto

22:00h.

ONDE

Parque de Santa Margarita

---

---

## FESTIVAL URBANO

### CANDO

Xoves, 23 de agosto  
18:00h. // 00:00h.

### ONDE

Parque de Santa Margarita

### QUIÉNES

Ágorazein (Madrid), Watios, Arufe Vs Judah, Kaixo Vs Cesar (Feat Lacosta), League Of Losers, 96Ers, Ponte, Ponthead, Wax Dee & D.L.Blando.

---

## FESTIVAL INDEPENDIENTE ROCK

### CANDO

Venres, 24 de agosto  
20:00h. // 01:00h.

### ONDE

Parque de Santa Margarita

### QUIÉNES

The Money Makers, Display Of Power, The Peixes, Lulú Y Los Caníbales.

---

## FESTIVAL ELECTRÓNICO

### CANDO

Sábado, 25 de agosto  
17:00h. // 02:00h.


### ONDE

Parque de Santa Margarita

### QUIÉNES

Tom Clark (Highgrade Records-Berlín, Alemania), Garcynoise (Justified Cause - Barcelona), Javier Orduña (Pong Musiq-Zaragoza), Frances Lerouge (Rawmatroid), Parasit Vj, Lolo Dejota, Pablo Cubeiro, Roi.

Más de **40** años al servicio de **A Coruña**



 **cespa**

**ferroser**

**ferrovial**  
agroman



Organiza  
Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

[www.grandesveleroscoruna2012.es](http://www.grandesveleroscoruna2012.es)

# VUELVEN LOS GRANDES

## A CORUÑA 10 -13 AGOSTO

Ven a disfrutar con los grandes barcos, descúbrelos por dentro, prueba los sabores del mar, participa en un evento que traerá a la ciudad los barcos más espectaculares del mundo.



THE TALL SHIPS RACES

Presented by Szczecin  
Organized by Sail Training International

Patrocinan:



Colaboran:







**Festas  
María  
Pita 2012**

**02**

**Competicións / Exhibicións  
Campionatos / Trofeos...**

**/SALTA/  
/CELEBRA/  
/ANIMA/**



**A CIDADE  
EN FORMA.**

# FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO

## ESTE ES EL AÑO



Valladolid · Madrid · Salamanca

Granada · Málaga · A Coruña

## Ruta N 2012

presentada por

**España**  
vs  
**Argentina**

**E**  
endesa

**A CORUÑA**

COLISEUM  
20 de julio de 2012

Entradas ya a la venta en [entradas.com](http://entradas.com)

ORGANIZA



**FEB**  
Federación española  
de baloncesto



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



SOCIOS  
INSTITUCIONALES



SOCIOS



MEDIA PARTNER



PATROCINADORES





# DEPORTES

---

## 3X3 STREET BALL RUTA Ñ 2012

CANDO

Luns, 20 de xullo  
De 9:30 a 20:00h.

ONDE

Praza de María Pita

Fase final autonómica deste Torneo 3x3 Praza 2014, que se disputará na cidade coruñesa e que trasladará de novo o mellor espectáculo do basket á rúa.

Org: Club Basquet Coruña

---

## PARTIDO PREPARATORIO OLIMPIADA DE LONDRES SELECCIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO

CANDO

Luns, 20 de xullo

ONDE

Coliseum

“A selección española de baloncesto, xa ten a follla de ruta para a preparación para os Xogos Olímpicos de Londres, onde defenderán a medalla de prata lograda hai catro anos en Pekín. Os internacionais españois concentráronse o 28 de xuño en Madrid. Logo duns días de traballo na capital, os de Scariolo iniciarán a súa xira de partidos de preparación o día 9 de xullo ante Gran Bretaña, que exercerá de anfitriño na cita deste verán. Os de Sergio Scariolo disputarán ata oito encontros amigables, con parada na nosa cidade o 20 de xullo para enfrontarse con Arxentina nun partido no que se enfrontan dúas das seleccións máis laureadas nos últimos anos.”

Org: Federación Española de Baloncesto

---



---

## **XVII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL PRAIA**

**CANDO**

Do 27 ao 29 de xullo

**ONDE**

Praia de Riazor

O Campionato de España de Clubs e o Torneo Nacional de Fútbol Praia 2012 regresan a Galicia. Por primeira vez o Torneo Nacional tamén se disputará na categoría feminina.

Org: Octagon Esedos




---

## TALL SHIP'S RACES

Este verán do 10 ao 13 de agosto os veleiros da Tall Ships Races, a antiga Cutty Sark regresan á nosa cidade. Durante catro días 46 barcos de 18 países e preto de 4000 tripulantes estarán no porto da Coruña.

### CANDO

Do 10 ao 13 de agosto

### ONDE

Porto da Coruña  
Concello da Coruña

---



## XII SEMANA NÁUTICA

### CANDO

Do 27 ao 29 de xullo

Venres e Sábado de 11:00 a 19:00h.

Domingo de 11:00 a 16:00h.

### ONDE

Bahía da Coruña.

### Entrega de trofeos

Domingo, 17:00h.

Real Club Náutico de La Coruña.

Org: Real Club Náutico da Coruña

Colaboran: Concello da Coruña e Federación Gallega de Vela



## CAMPIONATO DO MUNDO DE SURF JÚNIOR

### CANDO

Do 2 ao 5 de agosto

### ONDE

Praia de Riazor

WAHRLD PRO JÚNIOR é o primeiro Campionato do mundo de surf júnior que se realiza en Galicia. Patrocinado polas marcas Vazva, Cabreiroá, WAHR e Estrella Galicia en colaboración co Concello da Coruña e a ASP mundial. Campionato 2 estrelas rapaces e 1 estrela rapazas fan deste evento un dos máis potentes a nivel europeo. 200 participantes de todo o mundo e asegurando os mellores júniors europeos.

Org: Federación Galega de Surf.



## LXVII TROFEO TERESA HERRERA DE FÚTBOL

CANDO

Sábado, 11 de agosto

ONDE

Estadio Municipal de Fútbol de Riazor

O Trofeo Teresa Herrera é un torneo de verán de fútbol que se disputa dende 1946 na Coruña, Galicia (España). É o decano dos Trofeos de verán de entidade en España. Está considerado como un dos torneos amigables máis prestixiosos do mundo debido á máxima categoría que teñen os equipos que participaron na súa historia. O trofeo que se entrega ao gañador do torneo é considerado un dos máis fermosos do mundo.

Org: Real Club Deportivo da Coruña, Concello da Coruña

## XXVII TERESA HERRERA DE TRAIÑEIRAS

CANDO

Do 11 ao 12 de agosto

ONDE

Enseada do Orzán

A Bandeira Teresa Herrera é unha regata anual de traiñeiras que se veu celebrando nas augas da Coruña dende 1986. O principal premio consiste nunha bandeira de honor para a traiñeira vencedora, aínda que para conseguila en propiedade hai que gañala dous anos consecutivos ou tres alternos.

Org: Federación Galega de Remo





## XII REGATA S.A.R. INFANTA ELENA

CANDO

Do 24 ao 26 de agosto

ONDE

Bahía da Coruña

### Entrega de premios

Domingo ao finalizar a última proba

A XI Regata S.A.R. Infanta Elena celebrarase en augas da Baía da Coruña entre os días 24 ao 26 de agosto de 2012, ambos incluídos, organizado polo Real Club Náutico da Coruña, coa colaboración da Real Federación Española de Vela, Asociación Española de Clubs Náuticos, a Federación Galega de Vela.

Org: Real Club Náutico da Coruña



## VI DERBY HÍPICO

CANDO

Domingo, 26 de agosto

De 10:30 a 14:00h.

ONDE

Contorno Torre de Hércules

S. D. Hípica

Co marco da Torre de Hércules como patrimonio da Humanidade celebrarase a sexta edición deste Derby Hípico



---

## MODELISMO NAVAL

CANDO

Sábado, 25 de agosto  
20:00 a 22:30h.

ONDE

Estanque do Milenium

Colabora Asociación Amonaga

# “VIBRA”

---



# Agua para disfrutar.

Disfrutar del mar con la Tall Ships Race 2012. Disfrutar en tu casa de un agua de calidad.

 **emalcsa**  
El agua de todos.

[www.emalcsa.es](http://www.emalcsa.es)

981 242 322



**Festas  
María  
Pita 2012**

**03**

**Espectáculos / Maxia  
Talleres...**

**/ALUCINA/  
/ASÓMBRATE/  
/APLAUDE/**



**A CIDADE  
MÁXICA.**







# BATALLA PIROTÉCNICA

---

## NACHA POP

Martes, 14 de agosto  
22:00h.

---

## BATALLA PIROTÉCNICA NAVAL

Martes, 14 de agosto  
23:00h.

---

## MODESTIA APARTE

Martes, 14 de agosto  
23:30h.


---

## LA UNIÓN

Martes, 14 de agosto  
00:30h.

ONDE  
Praia de Riazor

---



# VOALA PROJECT

## “MUARE”

# “SONRRIE”

CANDO

Domingo, 19 de agosto  
22:00h.

ONDE

Praza de María Pita

Muaré é unha montaxe visual que xira arredor dun móbil xigante suspendido a máis de 30 metros de altura.

Nel, trece performers levan a cabo unha serie de espectaculares coreografías acompañados por unha banda 100% rockeira.

Cunha estética propia dos 60s, Voalá Project intenta retomar unha sensación de tempo no que o futuro se vía como algo apaixonante, onde a arte e a ciencia camiñaban da man.




---

## **GALA DA MAXIA**

**CANDO**

Domingo, 26 agosto  
22:00h.

**ONDE**

Praza de María Pita




---

## **TALLER DE EXHIBICIÓN DE PAPAVENTOS**

**INAUGURACIÓN**

Sábado, 18 de agosto

**CLAUSURA**

Domingo, 19 de agosto

**HORARIO**

12:00 a 19:00h.

**ONDE**

Torre de Hércules

# MIRADOR DE SAN PEDRO

restaurante



Disfruta en nuestro restaurante de las mejores delicias culinarias gallegas, con las vistas más impresionantes de la ciudad de A Coruña

Telf.: 981 100 823

# smöoy

AUTHENTIC FROZEN YOGURT

Bajo en grasas



base de helado sin gluten

Rico en fibra

Te esperamos en  
C/ Bailén nº3

y  
C.C Marineda City

www.tulodomasnatural.com • siguenos en:



© 2012. Distribuido por Laboratorio Indoperifarmia.

CONTRATACIONES  
Y PRODUCCIONES  
ARTÍSTICAS

[copra@mundo-r.com](mailto:copra@mundo-r.com)



[copraproducciones.com](http://copraproducciones.com)

981 234 780

# com ple men tos

# Meigallo

C/ GALERA / 51 BAJO  
[coruna@meigallo.com](mailto:coruna@meigallo.com)  
881 962 379  
15003 A Coruña



ÓN



Canon

GDT European  
Wildlife Photographer  
of the Year 2012



©Ana Retamero Olmos

EXPOSICIÓN

# Fotógrafos de la Natureza

Aquarium Finisterrae. A Coruña, 2012



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



**Festas  
María  
Pita 2012**

**04**

**Teatro / Circo  
Danza / Malabares...**

**/ANDA A RUAR/  
/RÍ/  
/GOZA/**



**A CIDADE  
QUE BOLE.**



## XI FEIRA DAS ARTES PLÁSTICAS

### INAUGURACIÓN

13 de xullo

### CLAUSURA

25 xullo

### HORARIO

12:00 a 14:00h.

18:00 a 22:00h.

### ONDE

Xardíns de Méndez Núñez



## MOSTRART FEIRA DE ARTESANÍA

### INAUGURACIÓN

Sábado, 28 de xullo

### CLAUSURA

Mércores, 15 de agosto

### HORARIO

de 11:00 a 14:00h.

de 17:30 a 22:00h.

### ONDE

Xardíns de Méndez Núñez

# 41 FEIRA DO LIBRO DA CORUÑA



## INAUGURACIÓN

Mércores, 1 agosto

## CLAUSURA

Venres, 10 agosto

## HORARIO

11:00 a 14:00h.

18:00 a 22:00h.

## ONDE

Xardíns de Méndez Núñez

A compra de libros terá un 10% de desconto durante toda a feira. Ademais todos os días ás 21:45 horas terá lugar un sorteo dun lote de libros entre os compradores do día.

# DE MARKET



VINOTECA

981 90 20 28

c/ Payo Gómez 12  
15004 A Coruña

## ESPECIALIDAD EN PESCADITOS FRITOS DEL DÍA DE LAS RÍAS GALLEGAS

EL PESCADITO



PLAZA DE MARÍA PITA 22 / 981 207 944 / A CORUÑA



C/Fama 1 (Avda de la Marina). 15001.  
A Coruña.  
Tel: 981 22 83 76  
[www.lamontaneraorigen.com](http://www.lamontaneraorigen.com)



VINOS Y PRODUCTOS SELECTOS

**Pao de Toxo** es una tienda especializada en la venta de vinos y productos selectos de merecido reconocimiento internacional, destacando sus vinos y quesos artesanos españoles, franceses, ingleses, italianos... En **Pao de Toxo** se realizan cursos de cata de vinos, presentaciones, reuniones de empresa y todo tipo de evento donde el paladar siempre es protagonista. Como distribuidor también ofrece una exclusiva y amplia gama de vinos y productos para hostelería y restauración. Visite nuestra tienda, tómesese un buen vino, deguste un excelente queso entre muchos otros productos y disfrute de un ambiente agradable, tranquilo y cercano.

• • •  
DE MARTES A SÁBADOS:  
11:00 h. a 15:00 h.  
19:00 h. a 22:30 h.  
• • •

C/ Plaza de Lugo 23 / Sótano.  
15004 A Coruña / 981 907 442





---

## MÉRCORES 01 / 08

**11.00h.** Apertura da feira.

**12.45h.** Actuación da Banda Municipal da Coruña.

**13.00h.** Inauguración oficial.

**19.00h.** Presentación do libro *O peizoque Roque*, de Dores Tembrás con ilustracións de Xosé Tomas, publicado pola Editorial Galaxia. Participarán no acto os autores do libro e Francisco Castro, representante da Editorial.

**20.00h.** Lectura de Manuel Rivas: conto inédito de *O máis estrano*, un capítulo de *Todo é silencio* e inéditos de *Storyboard*. *Murmurios da infancia*.

**21.00h.** Presentación do libro *A Coruña, lugares y acontecimientos de hace un siglo*, de Juan Villar Ferrer, con fotografías inéditas de J. Villar Martelo, publicado por Tempora.

---

## XOVES 02 / 08

**12.00h.** Feira infantil.

**18.00h.** O escritor Antonio Pineiro asinará exemplares do seu libro *As fiandeiras*, Premio García Barros 2011, publicado por Editorial Galaxia.

**19.00h.** Presentación do libro *Sentimentalismo. Antología de referencia. Etapa de implantación*, de Carlos Arias e Marina Pérez Rey, publicado pola editorial

Bubela. Xunto cos autores do libro, participarán no acto Yolanda Castaño, Eva Veiga e Francisco Fernández Naval

**19.30h.** A editora e ilustradora Marina Seoane, asinará exemplares dos seus libros. *Vamos a viajar!* (autora Fátima Fernández), *La Lluvia mágica* (autora María Domínguez) e *Brujas!* (autora Carmen Gil) dos que é ilustradora. Os libros están publicados pola editorial Edimáter.

**20.00h.** Presentación (na Fundación Caixa Galicia) do *Libro de los Faros*, de Xulio Villarino, publicado por Editorial Primerapersona.

**21.00h.** Presentación da edición bilingüe do libro de poesía *Illuminations / Iluminaciones*, de Arthur Rimbaud, coa versión e notas do escritor e editor Xoán Abeleira, periodista e autor de varios libros e de numerosas traducións. O libro está publicado na Editorial Banfile. Xunto co autor do libro, participarán no acto Manuel Rivas e Francois Davo.

---

## VENRES 03 / 08

**12.00h.** Feira infantil.

**18.45h.** Presentación do álbum ilustrado *Xiana, a nena pirata*, da escritora María Canosa, con ilustracións de Noemí López. Xunto coas autoras do libro estará no acto a editora Irene Penas.

**19.30h.** O escritor Luis Anguita Juega asinará exemplares do seu libro *Siempre habrá un lugar para soñar*, publicado por Edicións Carena.

**20.00h.** O escritor Xabier P. Docampo presenta o seu libro *Mans*, ilustrado por DNL e publicado por Editorial Everest Galicia. Os dereitos de autor deste libro están integramente destinados á ONG Terra de Homes.

---

**20.00h.** Presentación (na Fundación Caixa Galicia) do libro *A Nosa Señora da Lanzada*. Estudo antropolóxico dun santuario costeiro, de Rafael Quintiá, publicado por Librería Nós, de Sanxenxo.

**20.30h.** A escritora Núría Riera Carrillo asinará exemplares do seu libro *Una ola con sabor a pez* (premio Mellor obra novel 2011, Librería Sintagma), publicado por Edicións Bartleby.

**21.00h.** Presentación do poemario ilustrado *Versos del agua*, do escritor Luis Maquieira, en Edición Fundación Cuna Casabellas. Xunto co autor, interveñen na presentación Eva Veiga, Olga Patiño Nogueira, Miguel Cuna Novás (editor). Música: Martín Marticorena (zanfona e flauta).

---

## SÁBADO 04 / 08

**12.00h.** Feira infantil.

**13.00h.** Sinatura de libros da escritora Nuria Riera Carrillo.

**19.00h.** O escritor Juan Villar Ferrer asinará exemplares do seu libro *La Coruña, lugares y acontecimientos de hace un siglo*, publicado por Editorial Tempora.

**19.00h.** Presentación da novela *Assur*, de Francisco Narla, publicada pola editorial Temas de Hoy.

**19.30h.** A escritora e periodista Ana Basanta asinará exemplares dos seus libros *Líbano desconocido e Halcón de los Andes*, publicado por Edicións Libertarias Prodhufi

**20.00h.** Presentación do libro *De Xente Nova a Brais Pinto*, de Xosé Fernández Ferreiro, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Xunto co autor, participará no acto Manuel Bragado.

**20.30h.** O escritor Iván Mourín presenta o seu libro *Resurrección*. *Crónicas del caído*, publicado por Ilarión. O acto terá lugar na Fundación Caixagalicia.

**20.45h.** Presentación do libro *A derrota de Galicia*, de Antón Baamonde, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Xunto co autor, participan no acto Fermín Bouza e Manuel Bragado.

**21.15h.** Presentación do libro *A narrativa marina*, de Gonzalo López Abente, publicado por Edicións Xerais de Galicia.. Xunto co autor, participan no acto Suso Sambade, X.H. Rivadulla Corcón e Manuel Bragado.

---

## DOMINGO 05 / 08

**12.00h.** Feira infantil.

**13.00h.** A escritora e xornalista Ana Basanta asinará exemplares dos seus libros *Líbano desconocido e Halcón de los Andes*, publicado por Edicións Libertarias Prodhufi.

**19.00h.** EO escritor e xornalista Víctor F. Freixanes asinará exemplares do seu libro *Cabalo de Ouros*, publicado por Editorial Galaxia.

**19.00h.** Presentación do libro Xardín de inverno, de Leticia Costas, con ilustracións de DNL publicado por Editorial Everest Galicia

**20.00h.** Concerto de presentación do libro disco Rapoemas, de Aid, publicado por Editorial Galaxia.

**20.00h.** O escritor Juan Villa Ferrer asinará exemplares do seu libro La Coruña, lugares y acontecimientos de hace un siglo.

**21.00h.** Recital do grupo poético musical S-2.

---

## LUNS 06 / 08

**12.00h.** Feira infantil

**19.00h.** Presentación de Baía Edicións.

**20.00h.**  
O escritor Agustín Fernández Paz asinará exemplares das súas obras.

**20.00h.** Presentación do libro Para unha crítica do españolismo, de Camilo Nogueira. Xunto co autor, participará no acto Manuel Bragado.

**20.30h.** Ana Basanta asinará exemplares dos seus libros Líbano desconocido e Halcón de los Andes.

**20.45h.** Presentación do libro Los hijos del mar, de Pedro Feijoó, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Xunto co autor do libro, participan no acto Sergio Zearreta e Manuel Bragado.

**21.10h.** O profesor Xesús Alonso Montero presenta o seu libro Castelao na Unión Soviética en 1938, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Xunto co autor, participa no acto Manuel Bragado, director da editorial.

---

## MARTES 07 / 08

**12.00h.** Feira infantil.

**13.00h.** Presentación do libro Tratado del alma gemela, de Esther Bendahan, publicado por Edicións do Vento e gañador do XXIII Premio Torrente Ballester de Narrativa, da Deputación Provincial da Coruña.

**19.00h.**  
Presentación do libro Os señores da mentira, de José Carlos Bermejo Barrera, publicado por Edicións Lóstrego

**19.30h.** Xosé Ramón Barreiro Fernández asinará exemplares do seu libro Murguía, publicado pola Editorial Galaxia.

**20.00h.** Presentación do libro Esperando ao leiteiro, de Xosé Neira Vilas, publicado por Editorial Galaxia. Xunto co autor, participará no acto Víctor Freixanes, director xeral da editorial.

**20.30h.** A escritora Valeria Palombini asinará exemplares do seu libro Palabras por Ángel, publicado pola editorial Punto Rojo Libros.

**20.30h.** *Hijos de Mary Shelley*. Relato. Participan na mesa os escritores Alberto Escabias Shone, Raquel Lanseros, Cristina Fallaras e Vanessa Monfort. Coordinación de Fernando Marías. Actividade patrocinada por Ámbito Cultural de El Corte Inglés. O acto celebrarase no salón de actos da Fundación Caixa Galicia, nos Cantóns.

**21.00h.** Presentación do libro 100 anos do himno de Galicia, de Xosé Neira Vilas, publicado por Edicións Embora.

---

## MÉRCORES 08 / 08

**12.00h.** Feira Infantil

**19.00h.** Presentación dos libros El fantasma perfecto (coa participación, xunto co autor, de Olga Patino e Xosé M. Paz Gago. Música: Xosé Taboada, con frauta e saxo e Paco Campos, coa guitarra e voz) e Guía viva de ortodoxos y heterodoxos na poesía contemporánea galega, edición de Antonino Nieto Rodríguez (coa participación de Luz Pozo Garza, Ángeles Penas, Olga Patino, Xosé M. Paz Gago e Eva Veiga). Os libros están publicados pola Editorial Endimón Poesía. Ao finalizar o acto, o autor asinará exemplares dos seus libros.

**19.30h.** O escritor Francois Pérez Ayrault asinará exemplares da súa novela Anochecer en el puerto, publicada por INFOVA Edicións, na colección HOLO de narrativa.

**20.00h.** Presentación do libro Verde Oliva, de Xavier Alcalá, publicado por Editorial Galaxia. Xunto co autor, participará no acto Víctor Freixanes, director da editorial

**20.30h.** A escritora Ana Julia Martínez Farina asinará exemplares dos seus libros El sueño de la medusa, publicado por Edicións Hontanar e Trazado en diagonal, publicado por Edicións Atlantis.

**21.00h.** Presentación da novela O alento nas costas, de Natalia Carou, publicado por Baía Edicións.

---

## XOVES 09 / 08

**12.00h.** Feira Infantil

**18.30h.** O escritor Elías Prada Galán asinará exemplares do seu libro. El piano cuántico, publicado por Edicións Libertarias Prodhufi.

**19.00h.** Presentación da editorial Galebook e dos libros publicados As trovas de Midas, de Diana Varela Punal e O pitino revolucionario, de Xulio L. Valcárcel

**19.30h.** A escritora Sonia Iglesias asinará exemplares dos seus libros Rosas en el cielo (Ed. Anubis) e La habitación de piedra (Ed. Gruplobher).

**20.00h.** Presentación do libro O país adormentado, de Xabier P. DoCampo. Participan no acto Manuel Bragado e o autor.

**20.30h.** O escritor Darío Vilas asinará exemplares do seu libro Instinto de superviviente publicado pola editorial Dolmen, na súa colección Antología Z.

**20.45h.** O escritor Manuel Lourenzo González fará a presentación do seu libro Atl, Premio BLANCO AMOR 2011, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Participan Manuel Bragado e o autor.

## VENRES 10 / 08

**12.00h.** Feira infantil.

**19.30h.** Presentación do libro *Mi padre comía botones*, de Juan Sacha Full, publicado pola editorial Redeelibros. Xunto co autor, participará no acto o editor Fran Zabaleta.

**20.00h.** Presentación do libro *Medievalario*, de Fran Zabaleta, publicado pola editorial Redeelibros. Xunto co autor, participará no acto Marcos Calveiro, Premio Merlín 2012.

**20.30h.** *Secretos de la novela histórica. Mesa Redeonda coa participación de Marcos Calveiro (Settecento. Ed. Xerais), Pere Tobaruela (Ponente. Ed. Xerais) e Fran Zabaleta (Medievalario. Redeelibros). Ao finalizar o acto, os autores asinarán exemplares do seus libros.*

**22.00h.** Clausura da Feira do Libro da Coruña.



## FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN

### INAUGURACIÓN

Mércores 15

Banda Municipal de Música

12:45h.

### CLAUSURA

Domingo 26

### HORARIO

11:00 a 14:00

18:00 a 22:00

### ONDE

Xardíns de Méndez Núñez



# NOITES DE CINE



## TOY STORY 3

### INAUGURACIÓN

Xoves, 2 de agosto

### HORARIO

22:00h.

### ONDE

Praza de Vigo



## WALL STREET. O DIÑEIRO NUNCA DORME.

### INAUGURACIÓN

Domingo, 5 de agosto

### HORARIO

22:00h.

### ONDE

Praza España




---

## **X-MEN. PRIMEIRA XERACIÓN**

**INAUGURACIÓN**


Xoves, 9 de agosto

**HORARIO**

22:00h.

**ONDE**

Matogrande




---

## **AS CRÓNICAS DE NARNIA**

**INAUGURACIÓN**

Domingo, 12 de agosto

**HORARIO**

22:00h.

**ONDE**

Praza de Lugo

---



---

## PIRATAS DO CARIBE EN MAREAS MISTERIOSAS

INAUGURACIÓN

Domingo, 19 de agosto

HORARIO

22:00h.

ONDE

Praza das Barbaras

A CI

QUE

DE P



# CINES NA CORUÑA

## **CGAI - CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE**

Calle Durán Loriga 10, Bj. 15003  
A Coruña  
Tfno.: 981 203 499 // 981 204 054  
<http://www.cgai.org>  
E- Mail: [info@cgai.org](mailto:info@cgai.org)

## **CIME IMAX DOMUS**

Calle Santa Teresa 1.  
Tfno.: 981 189 840 // 981 189 841  
<http://www.casaciencias.org>  
E- Mail: [domus@casaciencias.org](mailto:domus@casaciencias.org)

## **CINESA MARINEDA CITY 3D**

Carretera Baños de Arteijo (CC Marineda City) 43.  
15008  
Tfno.: 902 333 231  
[www.cinesa.es](http://www.cinesa.es)

## **CINES FILMAX A CORUÑA 3D**

Avda. Alférez Provisional (CC Cantones Village) 3.  
15003  
Tfno.: 902 180 193// 981 224 473  
[www.cinesfilmax.com](http://www.cinesfilmax.com)  
E- Mail: [acoruna@cinesfilmax.com](mailto:acoruna@cinesfilmax.com)

## **CINES FÓRUM METROPOLITANO**

Fórum Metropolitano  
Calle Río Monelos 1. 15006  
Tfno.: 981 184 293 // 981 184 295

## **YELMO CINES ESPACIO CORUÑA 3D**


Calle José Pascual López-Cortón 10, 3º. 15008  
Tfno.: 902 220 922 // 981 172 233  
[www.yelmocines.es](http://www.yelmocines.es)  
E- Mail: [espacio\\_coruna@yelmocines.es](mailto:espacio_coruna@yelmocines.es)

## **YELMO CINES LOS ROSALES 3D**

Ronda de Outeiro (CC Los Rosales) 419. 15011  
Tfno.: 902 220 922 //981 128 090  
[www.yelmocines.es](http://www.yelmocines.es)  
E- Mail: [rosales@yelmocines.es](mailto:rosales@yelmocines.es)

# VIÑETAS desde o ATLÁNTICO



 Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

 DIPUTACION  
www.diputaciona.org

**A CORUÑA 2012**  
**6-12 AGOSTO/AUGUST**

Festival da banda deseñada  
Festival de la historieta  
Comic Festival





# VIÑETAS DENDE O ATLÁNTICO

Son xa quince anos nos que Viñetas dende o Atlántico é, ademais dun Festival de Cómic, unha das citas ineludibles das nosas festas.

Durante uns días a cidade convértese nun cómic con personaxes tomando as nosas rúas, con autores presentando as súas exposicións, con conferencias e mesas Redeondas, coa rúa da BD, unha inmejorable ocasión para adquirir desde as novas publicacións aos cómics da nosa infancia, con cursos e actividades... Isto só é posible coa complicitade de todos, que permitiu facer da nosa cidade un referente no mundo da historieta.

O núcleo das actividades xira arredor das exposicións, co quiosco Alfonso como epicentro delas, onde tamén se realizan as conferencias e mesas Redeondas.

As exposicións prolongaranse ata o 16 de setembro.

---

## SALÓN DO CÓMIC

### INAUGURACIÓN

Luns 6 agosto, 19:30h.

### CLAUSURA

domingo 12 agosto

### ONDE

Quiosco Alfonso

### EXPOSICIÓNS

ata o 9 de setembro

---

## ONDE QUIOSCO ALFONSO

### HOMS BARCELONA, 1975

Logo dos seus primeiros traballos en España realiza varios números soltos para Marvel, mentres encontraba ese punto estilístico que encaixase no estilo da editorial. Finalmente propóñenlle encargarse da serie regular de “Rede Sonja” para a editorial Dynamite.

Dupuis abriulle as portas ao mercado francobelga e con eles traballou no colectivo “A anciá que nunca xogou ao tenis...” con guións de Zidrou, a serie “O ángelus” con guión de Frank Giroud. Actualmente Homs está adaptando ao cómic a exitosa triloxía “Millenium” con guión de Sylvain Runberg.



### JOSÉ DOMINGO ZARAGOZA, 1982

Desde os 8 anos José Domingo vive e traballa na nosa cidade.

Ademais de traballar na produtora Dygra Films, como concept artist e dibuxante de storyboards, publicou historias curtas nalgunhas revistas e fanzines como; “Barsowia”, “Cthulhu”, “Usted está aquí”, “Fiz” o “Retranca”, así como a novela gráfica con guión de Kike Benlloch, “Cuimhne: O lume distante” ou o sketchbook “Incómodos veciños”.

Non contento con isto, en 2011 publica “Aventuras dun oficinista xaponés”, conseguindo con ela o Premio á mellor obra nacional de 2011 no 30º Salón Internacional do cómic de Barcelona.

Bibliografía esencial:  
2008 - Cuimhne: O lume distante (Dolmen)  
2011 - Aventuras dun oficinista xaponés (Bang)



## R.M. GUÉRA

**BELGRADO, SERBIA; 1959**

Nacido Rajko Milošević, este historietista natural da Ex-Iugoslavia non tardou en ser coñecido como “Gera”, alcume infantil que o acompañou ata os nosos días.

Cando en 1991 estalou a Guerra dos Balcáns, xa recoñecido debuxante, tomou a decisión de trasladarse a Barcelona –momento no que intercalou a “u” de “Guéra”–, onde veu desenvolvendo unha carreira multidisciplinar: publicidade, story board, fondos de animación, portadista...

Coincidindo co cambio de século, logrou un oco no mercado francés, participando en “Le Lièvre De Mars”, con guións de Patrick Cothias, e Howard Blake. Pero foi o seu traballo na serie regular “Scalped” o que lle valeu o recoñecemento internacional: escrita por Jason Aaron, a colección integrada dentro do selo Vertixe de DC Comics.

## RUBÉN PELLEJERO

**BADALONA, 1952**

Un dos autores españois de maior recoñecemento internacional.

Obras como as realizadas co guionista arxentino Jorge Zentner co que inicia unha frutífera colaboración; “Les memoires de Mr. Griffaton” e “FM. En frecuencia modulada”, e Dieter Lumpen. “O silencio de Malka”, obra premiada no festival de Angoulême de 1997 como mellor obra estranxeira publicada en Francia.

Co guionista belga Denis Lapière, publicando “Un pouco de fume azul” e “El vals del Gulag”. Despois publica en Francia “Lécorché” con guión de Frank Giroud e Florent Germaine e no 2009 “L’impertinence d’un été” con guión outra vez de Denis Lapière.

Recentemente, no ano 2010, recibiu o Gran premio do Salón do Cómic de Barcelona en recoñecemento pola súa traxectoria artística.




---

## BARTOLOMÉ SEGUÍ

(PALMA DE MALLORCA, 1962)

Durante a década dos noventa, Seguí convértese nunha especie de cronista da Barcelona con outras dúas series de aire costumista; “Luigi é Luis” (Ed. Milán, 1991), e “Locus de Barna” (O Pregoieiro, 1996).

Seguí recuperará o seu personaxe fetiche, Simón Feijoó, en dous libros: “Cohibas Connection” en 2001 (con guión de Carles Santamaría). En 2004 “O soño de México”, o seu debut no mercado francobelga.

O reencontro creativo cun vello amigo dos tempos de Madrid (o que foi o seu director, Felipe Hernández Cava) frutificou en “As serpentes cegas”, que recibiu os premios á mellor obra e ao mellor guión no 27.º Salón Internacional do Cómic de Barcelona, a selección por parte dos libeiros franceses como un dos quince mellores álbums do ano e o Premio Nacional de Cómic en 2009.

No 2011 publicáronse outras dúas obras de Bartolomé Seguí; “Fágase o caos” e a novela gráfica “Historias do Barrio” (Astiberri, 2011).

## ONDE PALEXCO

---

## FRANK QUITELY

(GLASGOW, ESCOCIA; 1968)

Máis coñecido dentro do mundo do cómic polo seu pseudónimo - xogo de palabras alusivo á expresión anglosaxona quite frankly -, Vincent Deighan.

Bibliografía Esencial:

1996 - Flex Mentallo (ECC Edicions).

2000 - Los Invisibles (Planeta DeAgostini Cómic).

2000 - JLA: Tierra 2 (Planeta DeAgostini Cómic).

2000-2001 - The Authority (Norma Editorial).

2001-2003 - New X-Men (Panini Cómic).

2004-2005 - We3 (ECC Edicions).

2006-2008 - All Star Superman (Planeta DeAgostini Cómic).

2009 - Batman

---

## BATMAN

A exposición revisa un dos grandes personaxes do mundo do cómic, dende as súas orixes, os diferentes debuxantes e versións, as súas principais publicacións ata os distintos obxectos que xerou o xusticeiro de Gotham.

ONDE  
**PALACIO  
 MUNICIPAL**

---

**DRAGON BALL**

Ou a irrupción do manga xaponés nos nosos fogares. Desde a serie de TV, reposta ata a fartura, ás múltiples revistas ilustradas, obxectos...



ONDE  
**CASA CULTURA  
 SALVADOR DE  
 MARADIAGA**

---

**PANORAMA DA BD  
 GALLEGA**

Un repaso do que supuxo o ano 2012 para a BD galega. A pesar da crise económica a creatividade goza dun gran momento tanto pola gran cantidade de obras como polo importante número de autores.

ONDE  
**AQUARIUM FINISTERRAE**

---


**ILLAS**

Un ano máis, no Aquarium, presentamos unha exposición temática vinculada ao mar. Agora son as illas, dende a mítica Thule a Barataria, dende as que gardaban tan importantes tesouros ás que representan mundos míticos.

... A estas exposicións hai que engadir as realizadas en diferentes galerías e organismos, como a presentada na Biblioteca Provincial ou na Galería 9 the 13



# ESTE ANO...



# “A

Viñetas crece con novas propostas, cursos e talleres. Este ano verá cumprido un soño para a importante canteira de autores galegos coa realización das MasterClass a cargo dos invitados...

Incorpóranse novos espazos como o Ágora, impulsando un pouco máis o Salón, coa súa programación destinada aos máis novos fans deste marabilloso universo do cómic.

Realizaranse visitas guiadas fundamentalmente durante as mañás ás diferentes exposicións que compoñen este Salón. Así, Viñetas dende o Atlántico confirma a súa importancia dentro do panorama nacional e internacional.

## LABORATORIO CREATIVO DO CÓMIC

Do 7 ao 9 de agosto. Mañá  
duración: 6 horas  
idades: a partir de 16 anos

Descrición: Taller creativo para afeccionados e profesionais ao cómic onde a través de exercicios prácticos de enxeño e destreza mental haberá que solucionar diferentes prácticas a propósito da execución dunha páxina de cómic. Baseado nunha experiencia levada a cabo en EEUU. Dirixido polo experto en cómics Henrique Torreiro.

Exposición virtual: organizarase unha exposición virtual no web do Ágora cos traballos realizados durante a experiencia. A realización do site corre por conta do persoal do Ágora.

## EXPOSICIÓN “ TITO E YETI: CÓMICS DE OLIMPIADA”

Do 1 ao 31 de agosto

Descrición técnica: 32 pranchas de cómic enmarcadas + 2 plóter explicativos e roller.

Autores: Pinto y Chinto (La Voz de Galicia) e Santy Gutiérrez (La Opinión)

Contidos: 32 páxinas con historias autoconclusivas das series de cómic “Tito Longueirón” e “Yeti”, publicadas nas revistas infantís “Golfiño” e “Mr. k”. ambas as series teñen en común a temática deportiva e un enfoque para o público xuvenil e como fondo a temática deportiva. En “Tito Longueirón” encontraremos historias mudas baseadas nos deportes olímpicos e en “Yeti” todo xira inspirado nos deportes de risco.

## ONDE FORUM METROPOLITANO

### AC/BD NO FORUM

Do 1 ao 23 de agosto

Exposición dedicada á figura dos superheroes, coincidindo co 50 aniversario de Spiderman, A exposición, "TOUR DE MALLAS", punto de lectura para os amantes da novena arte, punto de encontro e referencia para os participantes na XV edición de Viñetas dende o Atlántico.

### 5º XORNADAS DE ANIME MANGALEGO

21 ao 23 de agosto  
De 11:00 a 14:00h.  
De 16:00 a 20:30h.

As Xornadas de Anime son un evento anual organizado pola Asociación Cultural Mangalego cuxo obxectivo é a difusión de varios aspectos da cultura xaponesa, destacando entre eles a animación.

Durante estas Xornadas, poderás descubrir e afondar na animación xaponesa. Ademais realízanse diversos concursos nos que poden participar todos os asistentes e optar a premios. Cosplay (Disfrazarse dun personaxe de Anime e facer unha representación), Karaoke (Cantar cancións de introdución ou peche de Animes, tanto en xaponés coma en castelán e Galego) e Trivial (Diversas preguntas relacionadas co Anime e a cultura popular xaponesa).

**AC/BD NO FORUM**

- Tour de Mallas**  
**Del 1 al 19 de Agosto**  
 Conmemora el 50 aniversario de Spiderman asistiendo a la exposición retrospectiva que tenemos preparada para ti. En ella podrás ver, leer y llevar prestados todos los cómics del famoso trepamuros, además de las historias de aquellos superhéroes con los que hemos crecido a lo largo de estos años.
- Supersorteo**  
**Del 1 al 19 de Agosto**  
